

Xavier Alcalá

## NAS CATACUMBAS

### OS CAMIÑOS DO HEROÍSMO

Pedín a Deus que o meu pulso de ancián non me denunciase, que a miña man non tremese á hora de relatar o que fomos e somos as criaturas habitantes das catacumbas; e doulle grazas por me ter guiado durante unha boa parte da evanxélica memoria nunca escrita.

Miro as páxinas copiadas a limpo e por momentos sinto a necesidade de tregua, repouso. Mesmo chego a pensar que xa abonda co que relatei. No papel queda o visto e vivido desde que os meus ollos se abriron ao mundo ata a fin da guerra que, con todas as súas maldades, nos fixo ser vellos antes de tempo.

Velaí nese treito da miña vida como os conversos chegamos á crenza e como a quixemos espallar, e o reflexo do ardor de amor a Xesús Cristo en que se queimou a nosa mocidade. Pero, narrada a etapa xuvenil das ilusións, penso que quizais non pague a pena continuar narrando; porque o resto é vivirmos ocultos, ata hoxe, no tempo en que todos os perseguidos saen da soterra.

Con todo, unha voz interior replica e insiste en tomar os instrumentos da escritura e proseguir, pois tamaña é a débeda que temos cos que foron silenciados. A voz da consciencia dime que debemos ser intérpretes do silencio de mortos e fuxidos. Os que aínda temos enerxías para o relato debémolas empregar en facermos xustiza, e nada hai máis xusto ca defendermos dignidades, propias e alleas.

Escribamos logo, escriba eu; e déixeseme recomezar cunha cita procedente daqueles libros inesquecibles do cacique da miña vila raiana. Na biblioteca de don Ramón Afonso achei uns volumes de traballos de Thomas Carlyle traducidos ao portugués, impresos en papel biblia, finísimo. Nun deles lín que “a Historia é a esencia de inúmeras biografías”.

A frase bateu con tamaña forza no meu maxín que me obrigou á lectura. Pensei que Carlyle dese por boas todas as biografías, que aceptase o conxunto dos infinitos camiñares polo Val de Bagoas. Coidei que para el todos valían.

Pero non era así. Referíase ás narracións das vidas de “heróis que souberam entender o que seu tempo exigía e avanzaram pelo correcto camiño”.

Aínda teño comigo as anotacións que fixen daquela, interrogantes aos escritos do sabio escocés:

Ao falar de heroes, ¿só se refire aos seus biografados, Mahoma, Shakespeare, Lutero, Rousseau ou Napoleón?

¿Tantos heroes universalmente coñecidos houbo como para consideralos innumerables?

¿Como se mide o heroísmo?

¿Que probas se han pasar para adquirir o título de heroe?

¿Non se pode ser heroe polo camiño incorrecto...?

Cando de novo me poño ao traballo de escribir, fágoo pensando que esas preguntas, tan vellas coma o caderno pautado en que de rapaz as escribira, seguen a ser válidas.

En fin, que o Espírito Santo nos acompañe e o relato sirva para dar resposta ao que doutro modo ía ficar sen ela.

*Manuel Valeriano Liñares Couto,  
setembro de 1988*